

Dentro da utopía

Diccionario *sui generis*

LAURA CAVEIRO

Pártese nesta obra da premisa de que o surrealista non só é aquel que practica a escrita automática, senón o que participa nas actividades dun grupo surrealista: quen leva unha forma de vida, a ética de amor, liberdade e poesía, ata as últimas consecuencias. Ata vivir no soño da utopía surrealista. Aínda que esto tamén comprenda, como defendía André Breton, e reivindica Xesús González Gómez, o dereito a se contradicir.

Avisado queda o lector dende as primeiras páxinas de que o volume nin aspira, nin podería aspirar, a ser definitivo nin exhaustivo, toda vez que é un diccionario *sui generis*. A información que aporta sobre o movemento surrealista e os seus seguidores resulta amena, cunha

r e d a c c i ó n

Georges Bataille, André Breton, Luis Buñuel, René Char, Salvador Dalí, De Chirico, o movemento Dada, Paul Delvaux, Max Ernst, Frida Kahlo, Joan Miró, Paul Nash, Mimi Parent, Benjamin Péret, Valentine Penrose, Man Ray, Ernesto Sampaio... Ata a entrada diccionario, onde se nos lembra que un diccionario surrealista pode ser un acto de rebelión contra os dicionarios. Cítanse, como non, o *Diccionario abreviado do Surrealismo*, de André Bréton e Paul Éluard, e o *Petite dictionnaire de Le Surrealisme* de José Pierre.

A entrada “crítica”, na que se resposta a pregunta de se existe unha crítica surrealista, non pode pasarse por alto, máxime sabendo que o autor desta obra exerceu durante anos, cunha repercusión nunca igualada, a crítica literaria nas páxinas do semanario *A Nosa Terra*.

Como mostra de que o sentido crítico, e a honestidade persoal e intelectual de XGG permanecen, lemos isto: “desde hai xa moitos anos asistimos ao afundimento perpetuo da chamada crítica literaria, por suposto, tamén da crítica de arte”.

Galiza ten protagonismo en varias entradas, dado que se estuda o surrealismo de noso e o seu sobranceiro seguidor, Eugenio Fernández Granell. Moi curioso resulta ler, ao falar de Éluard, como XGG afirma que o franciscanismo do poeta francés foi intuído por Álvaro Cunqueiro no artigo “Buenos días tristeza” nos anos 60. Velaí o engado dunha obra aberta, dun apaixonado achegamento ao surrealismo.

GÓNZALEZ GÓMEZ, X., *Diccionario de Surrealismo e Surrealistas*, Ed. A Nosa Terra, Vigo, 2010, PVP 28 €

persoal que consegue ser áxil sen renunciar ao rigor no tratamento.

Comezamos por situarnos no tempo cunha análise da traxectoria do surrealismo de 1919 ata 2001, ano da morte de Eugenio Fernández Granell. Aínda que puidese existir o temor de perdermos baixo unha morea de datos e referencias, o resultado deste ensaio é pintar un fresco histórico latexante, como pode sentirse tras ler as entradas sobre Louis Aragon, Apollinaire, Antonin Artaud,

